

A HISTORIA DA EDUCACIÓN EN GALICIA. NOTAS PARA UNHA REVISIÓN HISTORIOGRÁFICA

por
ANTÓN COSTA RICO

A CONVENIENCIA DA REVISIÓN*

Hai só dez anos non habería apenas lugar a se deter sobre a conveniencia de realizar unha revisión da historiografía educativa de Galicia.

Daquela, a catalogación dos traballos e aportacións para unha historia da educación en Galicia resumíase nun pequeno molliño de fichas documentais, tanto pola encaseza de aportacións como pola dificultade de coñecer o seu soporte editorial, en todo caso excesivamente viradas para a erudición local positivista.

Destora, mudou aquel panorama case radicalmente, por mais que se esteña aínda distante do meridiano previsible dos inquéritos considerados importantes e aínda a facer, para eliminar as lagoas de coñecemento de maior calado neste eido do pasado educativo e pedagóxico de Galicia.

E por iso que, á vista das mais de duascenas aportacións de investigación, sexa conveniente facer unha reflexión e unha revisión sobre o coñecemento acadado e sobre as conclusións da investigación, a fin, en primeiro termo, de facer relato cun criterio informativo, pois que esta información non se acha actualmente a disposición normal dos estudosos

* Debo agradecer as consideracións ó primeiro borrador por parte dos colegas e amigos Drs. Narciso de Gabriel e Vicente Peña, porque contribuíron a enriquece-lo presente texto. As "notas" acadan ata á fin de 1991. A elaboración definitiva fíxose en 1992.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

e dos estudantes de historia da educación. Parece tamén oportuno poder valorar a calidade, o interese e a produtividade das investigacións e dos achegamentos realizados e do coñecemento elaborado, de tal modo que operando como diagnóstico deste sector de investigación histórica -para mellor comprender o presente educativo de Galicia-, se poidan traxer liñas significativas e productivas para o desenvolvemento da investigación histórica educativa de Galicia. Con isto, permitiráselle tamén á comunidade científica ter unha visión e unha comprensión máis obxectiva sobre o acontecer educativo, ó que están a contribuir os actuais estudos galegos de "historia local e social" da educación, como academicamente se recoñece.

A PRODUCCIÓN BIBLIOGRÁFICA

Na actualidade a produción bibliográfica relativa á historia **Contemporánea** da educación en Galicia acada un total de 145 referencias, nas que podemos distinguir 26 libros, 20 contribucións en libros de diversa temática —case sempre de carácter histórico—, 70 contribucións publicadas en revistas, e 29 contribucións editadas en libros de Actas de Congresos e Xornadas de carácter histórico, amáis de catro folletos.

Compre salientar que este total de 145 referencias foi elaborado por un total de 57 autores, aunque somentes once deles veñen adicando unha atención continuada á investigación e ó tratamento de diversos aspectos da historia da educación en Galicia, cun total de 97 referencias (o 68% do total delas)¹. Aínda dentro dos anteriores é mester salientar que cinco autores realizaron 69 contribucións; é dicir un 9% do total dos autores elaboraron case a metade de toda a produción histórica que analizamos².

A este tratamento bibliográfico poderíamos sumar a existencia de 23 tesinas de licenciatura presentadas desde os anos sesenta nas Universidades de Madrid, Barcelona, Salamanca e Santiago, con temática educativa galega ou de estudo de autores galegos (Feijoo, Sarmiento, Concepción

¹ Son eles: X.R. Barreiro Fernández, C. Benso Calvo, X.M. Cid Fernández, A. Costa Rico, N. de Gabriel, Mejjide Pardo, V. Peña Saavedra, M.C. Pereira Domínguez, A.S. Porto Ucha, M. Suárez Pazos e Isaura Varela.

² Os 5 autores cunha produción de 10 ou máis contribucións son: X.M. Cid Fernández, A. Costa Rico, De Gabriel, V. Peña Saavedra e A.S. Porto Ucha.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

Arenal...)³, cinco teses de Doutoramento sen publicar como tales⁴, cinco artigos, que son a transcripción de textos históricos relativos a aspectos diversos da educación en Galicia⁵ e algúns artigos de prensa⁶, o que elevaría a cifra de referencias a algo máis de 180.

Anque aquí non consideramos os estudos e aportacións referidas á momentos anteriores á Ilustración, non está sobrado poñer de manifesto a existencia de 50 aportacións tamén diversas⁷, das que 22 se centran no

³ As teses realizadas refírense en varios momentos ás obras de Sarmiento, Feijoo, Emilia Pardo Bazán; noutros casos e por unha soa vez son M^a Barbeito, Concepción Arenal, Joaquín Avendaño, Vicenti e a Xeneración Nos ás persoaxes ou colectivos analizados. Outras temáticas aluden á Ilustración na Universidade de Santiago, ó ensino primario en Santiago no século XIX, á dotación de medios didácticos e de material nas escolas de Santiago na Alta Restauración, á evolución dos estudos eclesiásticos na Arquidiocese de Santiago, ó nacemento do Instituto de Santiago, ó ensino medio en Lugo a mediados do século XIX, á laboura educativa dos emigrantes na provincia de Lugo, á Universidade durante o Sexenio Revolucionario, ó Seminario de Santiago no período 1829-1868, á prensa educativa en Vigo entre 1927 e 1936, á Universidade durante o período Isabelino, ó ensino primario na cidade da Coruña no mesmo período.

⁴ As teses, son as dos profesores X.M. Cid (1987), Sánchez Rodríguez de Castro (1990), M. Suárez Pazos (1982), X. Torres Santomé (1979) e Antón Costa (1982), arredor das temáticas: a educación en Ourense durante a II^a República, a obra educativa do Consulado do Mar da Coruña (1785-1815), a educación en Galicia no Sexenio Revolucionario, a educación e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago e a educación primaria no primeiro tercio do século XX, respectivamente.

⁵ No relativo á publicación de fontes e textos de época debemos aludir á obra **Política y Pedagogía** de Fernández Mazas (Ourense, 1990), **Viaje por las escuelas de Galicia** con textos de Luis Bello de 1929, **Historia viva do Instituto de Lugo** de Fernández Pinedo, **Abajo las Dictaduras** da mestra republicana García Segrel e o texto da oposición de Cátedra do médico José Varela de Montes.

⁶ Entre os artigos de prensa poderíamos citar referencias ó Congreso Pedagóxico de Pontevedra de 1887, ós vincallos galegos de X.M. Cossío, á pedagogía dos xesuítas en Camposancos e a memoria dos mestres mortos e separados do ensino en 1936, da autoría de Porto Ucha, José A. Durán e Antón Costa.

⁷ Hai tres traballos que se achegan ás escolas catedralicias, un ós seminarios de Galicia (o seu nacemento), un ós estudos dos dominicos, un ós dos mercedarios, un á educación dos expositos, un á educación primaria en Santiago nos séculos XVI-XVIII e outro a mesma educación en Ourense; dous á cultura en Galicia no século XVI, un ás Escolas do Mosteiro de Oseira, oito ás cátedras de gramática e outras nas vilas de Viveiro, Betanzos, Quiroga, Pontevedra, Vilagarcía e Noia e finalmente, xunto as referencias ó estudio da Universidade de Santiago, hai 7 traballos que se refiren á formación e escolas dos xesuítas, incluíndo un groso e ben documentado libro da autoría de Rivera Vázquez sobre os colexios dos xesuítas en Galicia entre os séculos XVI-XVIII.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

estudo de diversos aspectos da Universidade de Santiago⁸.

Se descontamos os libros, saídos do prelo no marco das máis destacadas coleccións editoriais na actualidade existentes en Galicia, compre anotar a ampla diversidade de lugares de edición e de soporte editorial para as referencias da historia educativa ás que aludimos, se ben ocupan particular relevancia as revistas das institucións museísticas case sempre provinciais de Galicia, da Real Academia Galega, do Instituto de Estudos Galegos Pai Sarmiento, a revista da Sociedade Española de Pedagogía **Bordón** que prestou algunha atención ós estudos de historia da educación en Galicia (Nº 253 de 1984), así como o anuario **Historia de la Educación** e os libros de Actas (seis polo momento) dos "Coloquios de Historia de la Educación" organizados pola "Sociedad Española" respectiva, como foi o caso do último: **Mujer y Educación en España, 1868-1975** (Santiago de Compostela, 1991).

No seu conxunto trátase dun produto editorial moi desigual tanto polo seu tamaño como polo valor científico.

A TEMÁTICA HISTÓRICO-EDUCATIVA

Compre poñer de manifesto a variedade temática analizada como tamén a diversidade do seu tratamento.

En todo caso, podemos sinalar a atención preferente concedida ós seguintes tópicos: o ensino primario e a escolarización no tempo da Alta e Baixa Restauración e durante a IIª República Española, o ensino universitario desde as reformas ilustradas ata a fin da IIª República, a galeguización lingüística e curricular do sistema educativo con dous polos de atención, un relativo á figura e escritos do Pai Sarmiento e, outro, sobre a dinámica de paulatina galeguización desde o nacemento das "Irmandades da Fala" (1916) ata a fin da IIª República, os debates ideolóxico e científico e a incorporación das ciencias físico-naturais no marco da Universidade de

⁸ Das 22 referencias de estudo universitario, entre as que se contan 5 libros, hai que salientar a boa presenza de arquivistas e historiadores universitarios, como tamén de frades profesores, empregando arreo unhas boas dotes de erudición para con criterios positivistas analizar aspectos relativos á poboación universitaria, Constitucións, Cátedras, Colexios e colexiais, a Biblioteca, os Arzobispos, a Igrexa e a Universidade, o consumo alimenticio, á presenza das ordes relixiosas na Universidade, e outros aspectos de interese.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

Santiago, o desenvolvemento do ensino relixioso a través dos seminarios, os discursos e as prácticas de educación feminina e os procesos da incorporación da muller no sistema educativo, a impronta educativa dos emigrantes galegos en América e a súa acción, e tamén, o ensino técnico e profesional en distintos momentos do século XIX.

Máis descritivamente, anotamos que das 145 referencias de investigación sinaladas, 16 adicanse a diversas aportacións relativas ó desenvolvemento da Universidade de Santiago⁹. Referencias que poden ampliarse en sete máis referidas ós debates ideolóxicos, á incorporación dos métodos científicos experimentais na Universidade, así como tamén á produción científica universitaria¹⁰.

A análise do desenvolvemento do ensino primario e da súa problemática e incidencias é hoxe medianamente extensa, amáis de estar seriamente construída; entre os investigadores anotamos os nomes de Mercedes Suárez Pazos, Narciso de Gabriel, Antón Costa e Xosé Manuel Cid. Respectivamente atenderon á problemática e desenrolo da escolarización durante o Sexenio, á Alta Restauración, ó primeiro tercio de século XX e a IIª República¹¹.

⁹ Son de destacar aquí o estudo institucional sistemático, erudito e de recollida documental de Cabeza de Leon e Fernández Villamil, estudio xa clásico para o coñecemento da Universidade de Santiago, ben que a obra poida ser revisada en base ós criterios metodolóxicos da historia social. De forma similar hai que destacar a obra dirixida polo profesor Manuel Díaz y Díaz con aportacións que tratan de amosar o desenvolvemento da Universidade de Santiago, entre as que destacaríamos as de Barreiro Fernández —o mellor coñecedor das reformas ilustradas en Santiago— as de Martínez Rodríguez e as de Ofelia Rey Castelao. A obra editada ten unha moi boa calidade gráfica e documental, sendo de referencia obrigada tamén debido ao seu apartado de fontes e bibliografía. Polo seu animo de sistematización e de recuperación documental a respecto do devir da Universidade hai que citar entre outros os traballos dos profesores universitarios Viñas e Bustamante. Isaura Varela ven destacándose como analista da dinámica universitaria compostelana ó longo do primeiro tercio do século cun tratamento desde as perspectivas metodolóxicas fructíferas da historia social.

¹⁰ Ó respecto, pioneras e valiosas son as aportacións dos profesores universitarios Díaz Fierros e Barreiro Fernández. Diversos aspectos son analizados por Purificación Mayobre e Xosé A. Fraga. Unha pequena monografía de síntese foi construída por Costa Rico.

¹¹ Como temas abordados con particular atención podense anotar por parte de Mercedes Suárez o estudo de incorporación da muller ó sistema escolar, o campesiñado ante a escola e os aspectos político-lexislativos da educación no Sexenio (1868-1874). Por parte de Narciso de Gabriel suliñamos o estudo das escolas de ferrado, a cuestión metodolóxica escolar, a problemática da escolarización e do profesorado na escola rural, as estadísticas, a calidade escolar e os resultados educativos e o papel da muller, todo iso no marco da

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

Arredor da galeguización podemos anotar unha ducia de referencias: o tratamento das figuras e obras de Sarmiento e de Viqueira, as prácticas lingüísticas, a presenza do galego e as posicións do que podemos denominar como "o galeguismo" ante os debates e a política educativa, conforman os tópicos de análise¹².

Lugar notable na investigación educativa ten o capítulo dos emigrantes, o seu pensamento educativo e a súa acción escolar en Galicia, cun investigador de relevo, Vicente Peña. Son tamén unha ducia de referencias as que estudan este importantísimo aspecto da evolución educativa contemporáneo de Galicia¹³.

O sistema educativo foise construíndo baixo as orientacións político-administrativas emanadas do Goberno Central. De aí, as prácticas dominantes, case sempre deficientemente operativizadas en Galicia. Tamén tal sistema estivo aberto a influencias renovadoras singularmente inspiradas pola Institución Libre de Ensino, e outras correntes como a Ilustración, as orientacións socialistas e anarco-sindicalistas, ou a Escola Nova Europea. Isto mereceu atención sistemática no caso da I.L.E. por parte de Porto Ucha, se ben son varios os investigadores que atenderon a estas cuestións¹⁴.

escola de finais do século XIX. Antón Costa abordou con perspectiva globalizada o conxunto da dinámica escolar sobre todo no primeiro tercio do século, con apertura por iso á IIª República; xunto ós aspectos infraestructurais, será o estudo do profesorado como protagonista e a incorporación da renovación pedagóxica, aquilo máis estudado. Pola súa parte Xosé Manuel Cid ten estudado con detemento o proceso de cambios na escola ourensán en particular no período 1915-1936; os cambios materiais, metodolóxicos e os debates entre filosofías educativas contradictorias, comasí entre os protagonistas.

¹² Son destacables as aportacións de Filgueira Valverde, de Filgueira Iglesias, de Sánchez Cantón, da profesora Galino, de Torres Regueiro, de Narciso de Gabriel, de Xosé Manuel Cid e de Antón Costa.

¹³ Xunto a Vicente Peña, destaca polo seu estudo institucional de Valle Miñor, Mª Carme Pereira. Outras aportacións son de Liñares e de Porto Ucha. Costa Rico fixo a inicial aportación global e de sistematización para o estudo desta temática...

¹⁴ Xunto ó estudo sistematizador de Porto Ucha, quen presta tamén unha particular atención á formación do profesorado a través das Escolas Normais e dos Congresos Pedagóxicos e á influencia a Escola Nova Europea, podemos citar aportacións de Mª Carme Pereira sobre as Colonias Escolares en Galicia, de Uxío Otero Urtaza sobre as Misións Pedagóxicas, de Xosé Manuel Cid sobre pensamento e acción escolar racionalista e socialista en Ourense, de Antón Costa sobre o laicismo escolar e o pensamento socialista e a súa acción escolar en Galicia, atendendo tamén á formación do profesorado, debendo salientar que á análise da Ilustración fora dos estudos universitarios, non se adicaron estudos, agas as varias e non sempre óptimas aportacións sobre a figura do P. Feijoo.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

A Igrexa católica foi un axente de primeiro orde canto á educación, cousa que na Galicia contemporánea terá o seu expoñente singularmente destacado nos Seminarios e na educación catequética, máis que na acción dos colexios de ensino relixioso ou no pensamento educativo¹⁵.

A incorporación da muller á educación e os modelos de educación feminina mereceron a atención en particular de Mercedes Suárez, de Carme Benso e de Narciso de Gabriel.

O ensino técnico e profesional foi estudado arredor de catro dimensións/ iniciativas: a acción desenvolvida polo Real Consulado do Mar da Coruña, excepcionalmente estudado por Sánchez de Castro, as Escolas Náuticas, coas aportacións documentais sempre rigorosas de Meijide Pardo, o nacemento e primeiros pasos das Escolas de Artes e Oficios e a formación profesional agraria, neste caso da man de Narciso de Gabriel en relación coa escola primaria e de L. Fernández Prieto a respecto da Granxa-Escola de A Coruña¹⁶.

Outros temas mereceron un tratamento menor: o desenvolvemento da prensa escolar e pedagóxica¹⁷, o papel das Deputacións a respecto do desenvolvemento educativo¹⁸, a educación dos nenos hospiciados en Santiago, a evolución local da educación en vilas como Ortigueira, Cée, Betanzos, Negreira, Ribadeo ou na cidade de Ourense, a difusión da Constitución no período 1820-23, o nacemento e primeiros pasos dos Institutos de ensino secundario en Santiago e na Coruña (destacando as aportacións de Fariña Casaldarnos), a represión franquista sobre o profesorado e a escola franquista¹⁹, os ecos en Galicia de Revolución Francesa²⁰ e a análise dos niveis de alfabetización en Galicia, como traballo único de González Gelabert

¹⁵ Quizais sexan as aportacións de García Cortés sobre o Seminario de Santiago as mellor construídas. Debemos anotar escritos de Couselo Bouzas, de Gonzalo Fraga, de Porto Ucha, e de Barreiro Fernández.

¹⁶ Sobre as Sociedades Económicas e as Escolas de Artes e Oficios hai un estudo inédito de Jurjo Torres con atención á de Santiago e hai aportacións editadas de Fernández Casanova, Porto Ucha e Sousa e Pereira, ésta última se cadra a máis interesante. Sobre a formación agraria fixeron aportacións Narciso de Gabriel, Lourenzo F. Prieto e Antón Costa. Pola súa parte Meijide Pardo atendeu ó desenrolo das Escolas de Debuxo.

¹⁷ Con aportacións de M.C. Pérez Pais, Vicente Peña e Antón Costa.

¹⁸ O estudo de Prado González sobre o caso da Deputación de Lugo.

¹⁹ Podense anotar aquí os traballos de M^a Carme Benso e de Costa Rico.

²⁰ Ou a lectura de libros prohibidos en Galicia como aportación de Porto Ucha e mesmo a máis recente de Meijide Pardo sobre a emigración do clero francés a Galicia.

que, aunque centrado na Galicia do Antigo Réxime penetra na etapa contemporánea.

Se doutro modo analizamos a temática, podemos observar neste percorrido a presenza do estudo de diversas institucións educativas en si mesmas, xunto ó estudo das ideas e debates educativos, das prácticas de educación e dos actores da educación, sendo estes os menos estudados e as ideas e os debates o capítulo mais abordado (con cerca de 50 referencias).

¿Qué pode isto querer dicir?

En positivo, que o tratamento e o estudo que ata o presente se realizou arredor das institucións, das ideas, dos actores da educación e das prácticas, aunque non plenamente equilibrado, é indicio de andar nunha perspectiva correcta do punto de vista da investigación histórica educativa, ó ir máis aló dunha historia meramente institucional, cronolóxica, descritiva e unidimensional, para procurar, polo contrario, o estudo de temas clave e a comprensión das diversas situacións históricas.

Como deficiencias habería que apuntar que o predominio do estudo das ideas educativas e pedagóxicas sobre as outras dimensións pode vir motivado polo insuficiente avance da investigación. O menor peso da investigación centrada sobre as prácticas escolares e sobre os actores é posiblemente debido á maior dificultade de localización e de análise das fontes primarias manuscritas, que só unha maior atención á realización de monografías e ensaios de microhistoria pode permitir superar. É dicir, vai sendo o momento de penetrar nos arquivos das institucións escolares, da administración local, das administracións relixiosas e nos arquivos familiares para contrastar mais de preto aquilo que realmente ten sucedido no día a día dos procesos educativos e escolares, interpretándoo contextualmente.

Pódese tamén sinalar a atención concedida por este orde ó ensino universitario, primario, técnico, profesional e relixioso, facéndose notar a escaseza ou carencia de estudos adicados ó ensino medio, á educación especial e á educación preescolar.

Desde o punto de vista temporal e como xa en certo modo se sinalou, as investigacións sitúanse en particular no período que vai desde o inicio da Restauración (1875) ó remate da Segunda República (1936), estando por estudar practicamente a historia da educación no período que vai desde o reinado de Carlos III ata a aprobación da Lei Moyano (1857), como tamén desde os momentos da Guerra Civil (1936) ata os anos setenta.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

Desde o punto de vista espacial e máis alá das investigacións sobre a Universidade de Santiago e sobre as institucións culturais e educativas xa aludidas, concreta ou xenericamente, abundan as referencias para o conxunto de Galicia, namentras que escasean os estudos con referencia xeográfica urbana, local e comarcal concreta, coas excepcións de rigor²¹.

¿Qué campos e temáticas compriría estudar con máis intensidade?

Se cadra non as cuestións de política, lexislación e organización escolar nos ensinos primario e universitario, máis si nos outros niveis e modalidades educativas; as cuestións didácticas e metodolóxicas; os aspectos biográficos; a evolución de moitas institucións escolares públicas e particularmente privadas atendendo neste caso, ós promotores, ó seu público, a súa razón de ser e función social, as súas características pedagóxicas. Hai que estudar o ensino secundario, a educación especial e a educación preescolar, e profundizar na educación técnico-profesional, con atención singular ós casos de Ferrol e Vigo. Faltan investigacións sobre os Seminarios de Mondoñedo, de Tui e de Ourense, e sobre outras casas de formación relixiosa. Carecemos dun estudo en torno das Escolas Normais de Galicia, e de monografías sobre os profesores e profesoras (orixe social, edades, pensamento, status social...). A inspección educativa, a educación moral, a educación sanitaria a traveso da escola, a visión do mundo, a educación cívica, o emprego de medios e recursos didácticos, a educación de adultos, ou a educación non formal... son outros tantos tópicos que están agardando a realización das adecuadas monografías.

AS FONTES DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICO-EDUCATIVA

A historia contemporánea da educación en Galicia construída ata o presente é en boa medida debedora das fontes impresas máis que das manuscritas, ben que o conxunto de investigadores teñen empregado tanto unhas como outras.

²¹ Nas referencias concretas hai que citar a Santiago, a Ourense, a Betanzos, a Ortigueira, a Negreira, ó Val Miñor... máis seguen a faltar monografías sobre A Coruña, Ferrol, Lugo, Vigo, Pontevedra e tantos outros lugares, por máis que aquí e aló existan referencias interesantes. O aquí e aló apórtano os investigadores que xa temos citado en varias ocasións.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

Dentro das manuscritas teñen un particular relevo as de carácter administrativo, tanto emanadas dos órganos provinciais da administración do ensino ou os da administración educativa universitaria, como a documentación manuscrita dirixida a estas administracións de por parte dos particulares e centros escolares interesados. Pola contra, e reducida a análise da documentación manuscrita de carácter local-municipal ou propiamente individual, a modo de memorias e outros documentos das singulares institucións educativas; no que fai relación á documentación impresa, e sempre con atención á temática actualmente estudada, abonda o estudo de obras, informes, documentación social estadística, documentación xurídico-legal, e documentación hemerográfica ofrecida polos centos de cabeceiras de prensa periódica e diaria editadas en todo o período da historia contemporánea de Galicia.

De facer unha recomendación, parecería oportuno realizar un aproveitamento máis fino da documentación hemerográfica propiamente escolar e educativa e da de autoría eclesiástica. Do mesmo modo, se cadra é oportuna unha maior atención ás fontes impresas literarias, como oportunamente ten recordado o profesor de historia da educación Herminio Barreiro.

Se facemos mención ós centros documentais utilizados, compre salientar o relevo tanto da Biblioteca Universitaria de Santiago como do Arquivo da mesma Universidade. A eles sumaremos as Bibliotecas da Real Academia Galega, do Instituto de Estudos Galegos Pai Sarmiento, da Fundación Penzol, do Consulado do Mar, do Museo de Pontevedra, así como a Provincial e o Arquivo Provincial pontevedrés e os Arquivos do Reino de Galicia e Provincial de Ourense. Menor espacio ocupan xa a Biblioteca e o Arquivo Provincial de Lugo, así como os centros situados en Madrid como son a Biblioteca Nacional, a Real Academia da Historia, así como o Arquivo Histórico Nacional e o Arquivo Central do Ministerio de Educación en Alcalá de Henares, de todos modos, insuficientemente empregados.

Parecía oportuno intensificar o emprego dos recursos documentales existentes nos centros estatais radicados en Madrid, no Arquivo de Tordesillas, nos Arquivos Catedralicios, e sobre todo dos existentes nos arquivos das Dióceses galegas, nos arquivos conventuais máis que nos monásticos, coma os de Santiago, Padrón, Poio, Ribadeo e outros, nos Arquivos da administración local, nos notariais e de rexistro mercantil e os propios de diversas institucións educativas relixiosas. Por suposto están agardando a súa explotación os fondos dos Institutos provinciais de

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLI, Fascículo 106, Santiago 1993-94.

Bacharelato e os das Escolas Normais²². En canto ás Hemerotecas, se ben o traballo ten sido amplo²³, parecería bo profundizar a análise hemerográfica de coleccións como **La Voz de Galicia** e **El Correo Gallego** ó estar xa analizadas as outras "grandes" cabeceiras de prensa galega. Compre tamén impulsar a búsqueda, consulta e vaciado da prensa local, ante a febleza da súa conservación, como testigo da historia.

UNHA OBSERVACIÓNS SOBRE A METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN E SOBRE OS INVESTIGADORES

Estamos diante dunha historia da educación metodoloxicamente inspirada na pasada década dos anos oitenta pola corrente afecta á historia social da educación. Hai un afán interpretativo certo e un esforzo por considerar os marcos teóricos historiográficos e contextuais. Rexístrase un afán por construír unha historia-problema dentro dunha visión ampla de nova historia. Con todo, e se ben podemos aludir á ausencia do idealismo, no conxunto de toda a produción anterior e actual pesa máis o historicismo e o positivismo que a construción de modelos históricos interpretativos, extremo que pode ser explicado tanto pola xuventude deste capítulo de estudo histórico, como polas insuficiencias formativas no terreo da investigación histórica dos que exercen o oficio de investigadores, que son en maior medida e actualmente especialistas das ciencias da educación mais non inicialmente historiadores en canto á súa formación universitaria. Isto podería parcialmente explicar por exemplo o menor emprego de fontes manuscritas ou mesmo o moi escaso alento dos estudos da historia da educación na Galicia da Idade Media ou do Antigo Réxime, para o que serían precisos coñecementos de paleografía e diplomática ou unha mais sólida formación histórica xeral da que comunmente se carece.

Así podemos resaltar como é nestes casos que son outros os investigadores

